



CONCELLO DE CHANTADA

EXPEDIENTE: 1364/2023

OBXECTO: MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 43/2023, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 15/2023

Dona María Yebra-Pimentel López, Funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, que desempeña o posto de Intervención do Concello de Chantada, en cumprimento das obrigas de control financeiro permanente establecidas no artigo 4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional e no RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico do Control Interno das Entidades do Sector Público Local emite o seguinte

INFORME

LEXISLACIÓN APLICABLE

Fundamentalmente, resulta de aplicación a seguinte normativa:

- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF)
- RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I da LRFL (RD 500)
- RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
- RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico do Control Interno das Entidades do Sector Público Local.
- Bases de Execución do Orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2023.

ANTECEDENTES

Fundamentalmente obra no expediente a seguinte documentación:

- Providencia de Alcaldía.
- RC para transferencias.
- Memoria

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102





CONCELLO DE CHANTADA

Primeiro.- Son transferencias de crédito aquelas modificacións do orzamento de gastos, mediante a que, sen alterar a contía total do mesmo, impútase o importe total ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica. As Bases de Execución do Orzamento deberán establecer o réxime das transferencias de crédito e o órgano competente para autorizalas en cada caso. En todo caso, a aprobación das transferencias de crédito entre distintas áreas de gasto corresponderá ao Pleno da Corporación salvo cando as baixas e altas afecten a créditos de persoal. Estas modificacións orzamentarias en canto sexan aprobadas polo Pleno, seguirán as normas sobre información, reclamacións, recursos e publicidade previstas para os orzamentos.

As transferencias de crédito de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

- Non afectarán aos créditos ampliáveis nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- Non poderán minorarse os créditos que teñan sido incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin aos créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos cerrados.
- Non incrementarán créditos que como consecuencia de outras transferencias teñan sido obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de persoal

COMPROBACIÓNS

Primeira.- A modificación orzamentaria pretendida é unha transferencia de crédito que afecta á créditos de distinta área

DIMINUCCIÓN AREA 9

Aplicación orzamentaria	Importe
920-121.01 COMP. ESPECIFICO ADM XERAL	62.000,00 €

AUMENTO AREA 3

Aplicación orzamentaria	Importe
341-221.04 VESTIARIO PROMOCION DEPORTE	28.000,00 €
342-213.00 REPARACIONES INST. DEPORTIVAS	14.000,00 €
342-221.03 COMBUSTIBLE INST. DEPORTIVAS	20.000,00 €
TOTAL	62.000,00 €

Constátase o cumprimento dos seguintes extremos:

- Providencia da alcaldía ordeando a apertura do correspondente expediente.
- Órgano competente Pleno.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102





CONCELLO DE CHANTADA

- Proposta-Memoria do Alcalde-Presidente.
- Certificado de existencia de crédito suficiente nas aplicación orzamentarias que debe ceder crédito (RC para baixas e transferencias)
- O gasto a efectuar non se pode demorar ata o exercicio seguinte, sen perxuízo dos intereses xerais da Entidade, segundo a Memoria presentada.
- Cumprimento das limitacións sinaladas na lei:
 - Non afectarán aos créditos ampliables nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
 - Non poderán minorarse os créditos que foran incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos cerrados.
 - Non incrementarán créditos que como consecuencia de outras transferencias foran obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de persoal.

CONCLUSIÓN

Emítese informe favorable para a tramitación do expediente.

Chantada, na data sinalada dixitalmente á marxe

A Interventora

María Yebra-Pimentel López.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102

